



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Fontán, Soledad
Gutiérrez Nieto, Manuel
Noia Campos, M^a Camiño
Pou Saracho, Juan María

PDI-A

Alba Castro, José Luis
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Graña Rodríguez, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Gago Bugarín, Diego José
Silveira Valledor, Manuel
Varela Martínez, Iago

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Grande Seara, Pablo
López Díaz, María
Meana Martínez, Juan Carlos
Vidal Rodríguez, Saleta
Vila Alonso, Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de decembro de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores día **21 de decembro de 2011**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2011.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2012.
4. Informe sobre a primeira memoria de responsabilidade social corporativa da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, do Plan de prevención de riscos laborais da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da Normativa pola que se regulan os contratos-programa coas escolas e facultades da Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
8. Aprobación, se procede, dos criterios para a elaboración da programación docente anual (PDA) do curso 2012/2013.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Industrial.
10. Informe de actividades do Campus do Mar.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e o Instituto Galego de Estatística, para a colaboración no “Máster Interuniversitario en Técnicas Estatísticas” – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e Acuinoва Actividades Piscícolas S.A. para a realización de prácticas de alumnos do programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para o Programa de Estabilización 2011 – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a empresa Aqua Ambiente Servicios Integrales S.A., para a colaboración no “Máster en

Exeñaría Matemática” – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Politécnica de Juventino Rosas – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Politécnica de Guanajuato – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro de Estudios Superiores del Bajío Campus Querétaro – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Latina de México – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Latina de México para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Hochschule Aalen – Acuerdo de cooperación entre a Universidad San Francisco de Quito (Colegio de Ciencias Biológicas y Ambientales) e a Universidade de Vigo (Oficina de Relacións Internacionais) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Federal de Uberlândia.

12. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2011.

Non hai alegacións, apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para dar a benvida aos novos membros do Consello de Goberno: D. Jaime Alonso Carreira polo sector Decanos/Directores, D. Manuel Silveira Valledor e D. Iago Varela Martínez, representantes dos estudantes, e D. Emilio Fernández Suárez, designado como un dous 15 membros que lle corresponden designar ao reitor.

A continuación o reitor informa de que o pasado 15 de decembro, na cidade de León, constituíuse a Conferencia de Reitores, que agrupa ás universidades do noroeste de España (CRUNO). O reitor di que lle corresponde a Presidencia da CRUNO; sinala que tamén acordaron constituír a Conferencia de Reitores do Suroeste Europeo (CRUSOE). En palabras do reitor, trátase dunha alianza estratéxica entre as 3 universidades de Galicia, 8 universidades de Castela-León, 3 de Portugal e 4 institutos politécnicos liderados polo Instituto Politécnico de Bragança. Informa que o obxecto da CRUSOE é colaborar activamente para xerar masa crítica, aglutinando capacidades para liderar proxectos e adoptar estratexias conxuntas fronte ás últimas oportunidades do Programa Marco de Investigación 2014 e, sobre todo, fronte ao novo Programa Horizonte 2020. Na súa opinión, sobre a base da existencia dunha realidade social similar a todas as universidades da macro-rexión, a converxencia de intereses en materia de política universitaria debe ser aproveitada para adoptar iniciativas que permitan remontar a crise económica. A idea é construír unha cooperación intelixente pondo en valor o coñecemento, aproveitar capacidades e competencias para desenvolver plans estratéxicos que orienten as políticas de I+D na macro-rexión e, posteriormente, trasladalos ante os máximos órganos de decisión universitaria (CRUE) e aos gobernos autonómico e estatal de España e Portugal e tamén ás instancias europeas.

O reitor informa que na axenda desta agrupación figuran a elaboración dun marco legislativo común e o desenvolvemento dun plan estratéxico, que ten como liñas temáticas de traballo as seguintes:

- Auga: mar e continente.
- Transformación do sector primario a través de innovación.
- Saúde e envellecemento.
- Medioambiente e enerxía.
- Patrimonio e lingua.
- Cooperación territorial: despoboamento.

En último lugar, o reitor resaltou o dobre significado do acrónimo CRUSOE; como indicativo da unión das universidades da rexión do suroeste de Europa, pero tamén como homenaxe e referencia ao mariñeiro escocés da novela de Daniel Defoe, que busca tenazmente a súa supervivencia nun medio azaroso e hostil, no sentido de que esa unión permitirá “como robinsones sobrevivir á crise”.

Respecto ao Consello Galego de Universidades, o reitor informou da existencia do borrador de anteproxecto de Lei do Sistema Universitario de Galicia. Sinala que é un documento de traballo interno, xa que non hai unha remisión oficial do borrador. Que, desde a Secretaría Xeral de Universidades, se convocou unha reunión cos vicerreitores de profesorado para o próximo 23 de xaneiro e, a partir desa data, dáse un prazo para presentar alegacións ata o 31 de xaneiro. Que no mes de febreiro, con anterioridade a iniciar os trámites parlamentarios, iniciárase o debate. Polo que se refire ás noticias publicadas na prensa, que dan conta de posibles fusións de centros e universidades, o reitor di que son sesgadas, xa que, a alusión ao deseño de posibles fusións garda relación con centros e universidades privadas. En consecuencia, sinala que estamos en presenza dun borrador, que as cuestións que desborden o marco da RELOU ou que afecten á autonomía universitaria contan coa opinión en contra dos tres reitores, que cousa distinta é que o borrador da nova lei poida dar acollida a novas propostas que fortalezan o sistema universitario público de Galicia.

O reitor continúa informando da publicación do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo, a instancias da Universidade de Vigo, contéplase unha situación transitoria na Disposición adicional 3ª, que di que, de maneira excepcional, no curso académico 2012-2013 poderán impartirse os másteres universitarios de perfil exclusivamente investigador xa existentes sempre que conten cun número de estudantes de novo ingreso non inferior a dez. A partir dese curso, o número de estudantes matriculados terá que ser de 20 para calquera máster.

Punto 3. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2012.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen comeza dicindo que no Claustro do 13 de decembro foron aprobadas tanto o informe sobre as liñas xerais de política orzamentaria como o informe da planificación plurianual.

Igualmente, que o pasado venres tivo lugar a reunión da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos na que se aprobou este proxecto de Orzamentos 2012.

A continuación, o vicerreitor de Economía e Planificación, mediante soporte informático, vai explicando aos membros do Consello de Goberno a proposta de orzamento para o exercicio 2012.

Comeza por expor a estrutura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 e o modo de repartición dos diferentes compoñentes ás universidades galegas (financiamento estrutural, financiamento por resultados e financiamento por mellora da calidade). Seguidamente, para contextualizar a súa posterior explicación, fai un repaso da evolución das achegas da Xunta de Galicia ao SUG desde o 2005 ao 2012, e como se concretou esta distribución na anualidade de 2011 entre as tres universidades galegas.

Sinala, que o Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia, aínda que cun financiamento global claramente insuficiente -no ano 2009 representaba o 0,72% do PIB-dotou ás universidades galegas dun marco financeiro relativamente estable. Sen embargo, no ano 2010 prodúcese unha redución significativa respecto do ano anterior. Na idea de que a crise sería conxuntural e que a recuperación se produciría no ano 2011, a UVIGO decide manter un nivel de gasto similar ao de 2009, cubrindo a diferenza entre ingresos e gastos coa variación de activos financeiros (remanentes xerados en exercicios anteriores). Dado que a crise persiste e non se albisca unha posible recuperación económica a curto prazo, é necesario seguir reducindo o gasto, como xa se fixo no 2011, para equiparalo ao nivel de ingresos e lograr así un equilibrio financeiro que garanta a viabilidade da institución. Trátase ademais dunha obriga legal que está prevista na Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Informa, que os diferentes preceptos obrigan a introducir criterios de eficiencia na asignación e emprego de recursos e prohiben o déficit orzamentario.

O vicerreitor de Economía e Planificación sinala que, aínda que polo momento non hai comunicación oficial sobre o financiamento do SUG para o ano 2012, no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia, presentado diante do Parlamento de Galicia, consígnanse 394 millóns de euros. A respecto de cal será a futura repartición entre universidades, si sabemos que, dada a estrutura do Plan de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2011-2015) na anualidade 2012, a repartición do financiamento estrutural condiciónase o 95% aos criterios históricos e o 5% restante por criterios competitivos: a) Campus de Excelencia Internacional; b) captación de recursos externos; c) internacionalización; d) transferencia de coñecemento; e e) calidade na docencia, que se refire ao financiamento por alumno. Sinala que para 2015 está previsto que o 20 % do financiamento estrutural se faga con estes criterios. O vicerreitor apunta cales serían na súa opinión as porcentaxes de repartición para a anualidade de 2012 para cada unha das universidades.

No que se refire ao financiamento por resultados, expón que non variará respecto de 2011, pois estamos dentro do contrato-programa 2011/2012. Para rematar, relata que o concepto de financiamento por mellora da calidade reffrese a criterios de eficiencia económica e depende da valoración que faga a Consellería de Facenda da xestión económica de cada unha das universidades e dos respectivos plans de sustentabilidade financeira.

Continúa facendo unha exposición das achegas do Plan de financiamento á Universidade de Vigo desde o 2005 ao 2012 e como foron evolucionado no mesmo período os orzamentos da Universidade de Vigo. Sinala, que o importe global da estimación de orzamentos da Universidades de Vigo para o exercicio 2012 pode alcanzar o importe de 162.969.745 euros, o que supón unha redución do -2,94% respecto de 2011 (-4.934.108 euros en valores absolutos). O vicerreitor advirte que a proposta presentada pode ser obxecto de

modificacións, xa que non é descartable que os orzamentos da Comunidade Autónoma deban de revisarse cando se aprobe o orzamento do Estado.

A continuación expón a distribución do orzamento de ingresos 2012 e os diferentes capítulos que o conforman. Ao fío da explicación, o vicerreitor informa que o ano 2011 foi un ano de éxito en captación de recursos externos; que os ingresos do exercicio 2010 se viron incrementados de xeito extraordinario ao lograr o recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional para o proxecto Campus do Mar, complementado posteriormente co éxito na convocatoria Innocampus do Ministerio de Ciencia e Innovación. Que, no que respecta á captación de recursos externos, a pesar da difícil conxuntura económica tamén o 2011 foi un ano de éxito. Que, neste momento en fase de resolución provisional, se teñen obtido un total de 3.159.087 euros, dos cales 2.459.087 euros corresponden á convocatoria FEDER e 700.000 euros á convocatoria INNPLANTA. Estes pasivos financeiros, sen embargo, non se sitúan no orzamento 2012 por prudencia orzamentaria, en espera da resolución definitiva de ambas dúas convocatorias.

A continuación describe a participación dos principais capítulos de ingreso no conxunto dos orzamentos.

Continúa a súa exposición coa explicación do orzamento de gastos e os seus diferentes capítulos e, ao fío da explicación, realiza os seguintes comentarios: o Capítulo I, correspondente a gastos de persoal, supón a principal fonte de gasto (un 57,43% do total do orzamento), cun importe de 93.598.000 euros. Isto reduce nun -1,29% o gasto de persoal do exercicio 2011. Esta redución é atribuíble á xubilación de persoal docente funcionario en áreas nas que, por exceso de capacidade docente, non é preciso contratar persoal de substitución; a unhas máis estritas normas de contratación de persoal docente eventual e interino; ao menor fluxo de entrada de investigadores captados a través dos programas Ramón e Cajal, Juan da Cierva, Ánxeles Alvariño e Parga Pondal, consecuencia da cada vez menor oferta de prazas que se realiza nesas convocatorias; e tamén á reforma do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado.

Informa que o Capítulo II, correspondente a gastos correntes, incrementase un 1,70%, pasando de 24.581.036 euros a 24.997.707 euros. Que é importante ter en conta, sen embargo, que do total de gasto corrente 2.110.102 euros corresponden á execución do proxecto Campus do Mar. Así pois, o gasto corrente ordinario da institución, descontado o Campus de Excelencia Internacional, é de 22.887.605 euros, cifra esta que é pertinente comparar co gasto corrente do exercicio 2011, e que supón unha diminución do -6,89% respecto do exercicio anterior.

Continúa explicando a composición do orzamento de gasto, a participación dos principais capítulos no conxunto dos orzamentos. Detense na evolución do Capítulo I, gastos de persoal, en relación ás achegas do Plan de financiamento. Sinala, que o financiamento público é absorbido no 90,91% por gastos de persoal. Respecto ao análise do saldo corrente e de capital, di que é preciso chegar a 2012 cun saldo corrente equilibrado, que é unha obriga legal e unha necesidade para alcanzar a senda da viabilidade e sustentabilidade da institución. Di que este ano é equilibrado.

Para rematar, en relación aos programas de gasto, sinala que hai unha redución en todos os programas de gasto, agás no programa de apoio ao alumnado e á docencia. As partidas que foron obxecto de máis redución foron gastos de goberno e administración da universidade e en extensión universitaria, redución que en ambos casos está por riba do -12%.

Finaliza a súa exposición dicindo que non menciona as liñas xerais de actuación, por canto están detidamente detalladas no documento entregado aos membros do Consello de Goberno e a súa explicación detallada alargaría máis do aconsellable a súa intervención no Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para agradecer o informe e a exposición tan detallada. A continuación mostra o seu desacordo, porque o informe preceptivo das liñas xerais de política orzamentaria non fose votado no Claustro e di que, aínda que o texto dos Estatutos avale esa interpretación, é unha interpretación restritiva dos Estatutos da Uvigo.

Seguidamente obxecta o seguinte: a ausencia nos orzamentos dunha referencia á contratación de novo profesorado, co plan de promoción do profesorado; e, en relación á partida de gastos de investigación, critica que a redución afecte aos pequenos grupos de investigación e á partida de produción científica, que non ten sentido na lóxica da redución a previsión orzamentaria por valor de 100.000 euros para axuda de implantación de novos títulos de mestrado. Por eses motivos anuncia o sentido negativo do seu voto.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar sobre cal será a postura adoptada polo equipo de goberno ante a nova estruturación da oferta dos posgraos; manifesta problemas para liquidar as reparacións necesarias na Facultade de Ciencias e, en relación á partida de gastos en bolsas de posgrao e predoutorais, que non lle queda claro si se reducen gastos nese apartado, que, na súa opinión, debería facerse un esforzo para aumentar o número de bolsas.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para dicir que reitera as críticas que xa fixo no Claustro ás liñas xerais de actuación que se presentan nos orzamentos, e ademais que a redución nun 30% das partidas correspondentes ao VAD non é a forma máis aconsellable de motivar ao profesorado, aínda que o valora como un enganche ao contrato-programa. Critica a partida de dotación de infraestruturas para os campus de Ourense e Pontevedra en relación á dotación que se fai para o Campus de Vigo. En relación á convocatoria das bolsas de informática, pregunta se hai algún erro na convocatoria.

Intervén o Sr. Xan Cebro para dicir que, cando se reformaron os Estatutos, presentaron unha emenda para que se incluíse entre as competencias do Claustro a votación do informe preceptivo sobre as liñas estratéxicas de política orzamentaria. Continúa dicindo que a comunidade universitaria das tres universidades debe unirse para trasladar á Xunta de Galicia a mensaxe de que o investimento na universidade non é un malgasto; sinala que non aparece nos orzamentos a promoción profesional dos grupos de laboratorio e informática no sentido proposto pola Disposición adicional 9, que o equipo de goberno levou no programa electoral nas liñas estratéxicas; e respecto ao PAS funcionario, pregunta cal é a cifra tope de referencia para a negociación da RPT.

Intervén o xerente para dicir que debe partirse dunha proposta seria de RPT, que permita a racionalización do gasto, a descentralización de cara aos centros e flexibilizar a prestación de servizos. Que é unha proposta para garantir os novos retos de futuro.

Intervén o Sr. Federico Fernández para poñer de manifesto a importancia crecente da xestión de bolsas, polo que solicita unha política de persoal que garanta a efectividade do servizo. Tamén apunta que na economía de aforro son precisas algunhas medidas que permitirían racionalizar o gasto, como pode ser a centralización de determinadas compras (de material informático, sistemas de calefacción e subministración de material eléctrico), potenciar o uso de firmas electrónicas, optimizar o uso de instalacións e centros. Respecto da RPT do persoal laboral, sinala que a empresa denunciou o convenio colectivo e, aínda que recoñece que necesita algún cambio, a denuncia non pode derivar nunha diminución dos dereitos dos traballadores. Solicita unha política flexible cos órganos de representación do persoal; o compromiso ou talante para que o recoñecemento de dereitos non veñan ditados polo mediador ou sentenza xudicial; que non se usen medidas que limiten a súa capacidade de negociación; e, e definitiva, que se valore o capital humano que ten a Universidade de Vigo.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para responder, en primeiro lugar, ao profesor Jaime Cabeza. Respóndelle que non lle corresponde valorar a gobernanza ou o que din os Estatutos, pero que, ao seu xuízo, implica forzar a literalidade dos Estatutos o entendemento que entre as funcións do Claustro figure emitir un informe sobre o informe presentado.

Respecto das críticas sobre a distribución do gasto, facendo previamente un esforzo para contextualizar a situación, sinala que sobre as propostas de gasto apuntadas pode estar de acordo con case todo, pero que nun contexto de redución orzamentaria non é posible atendelas todas, polo que hai que priorizar. Á obxección do Prof. Jaime Cabeza respecto de que non hai ningunha referencia á contratación de novo profesorado, responde que previamente hai que determinar, en función á carga docente básica cáles son as necesidades. Continúa dicindo que non entende a valoración que fai do plan de promocións, xa que non sendo posible atender todas as posibles demandas de promoción nun mesmo exercicio económico, o plan aprobado garante o necesario equilibrio entre ámbitos e o lexítimo dereito á promoción por méritos individuais.

Respecto da redución da dotación por produción científica, infórmalle que no ano 2012 se van valorar dous anos de produción científica, polo que, aínda que a cantidade se incrementa respecto a 2011, é certo que os recursos destinados a retribuír a produción científica anual redúcense considerablemente respecto aos que se viñan consignando en anos anteriores. No contexto de redución orzamentaria no que nos atopamos, entende que reducir nesta partida será o que menos prexuízo provoque en termos de resultados de investigación. Que é máis importante a aposta que se fai por manter o apoio aos grupos de investigación, tanto aos non consolidados como aos xa consolidados. Entende, sen embargo, que se critique esta redución, como sole ocorrer sempre que se diminúen os recursos dedicados a unha determinada liña de acción.

Ao Prof. Armando Caballero respóndelle que o equipo de goberno traballa co obxectivo de racionalizar a oferta de posgrao, limitando xa no presente curso a implantación

de novos másteres. Respecto das obras na Facultade de Bioloxía, comunícalle que, ao igual que as obras de calquera outro centro, a xestión das mesmas correspóndelle ao Director de Técnico de Obras e Infraestruturas.

Ao Prof. Enrique Barreiro respóndelle que, respecto ás críticas de redución das partidas correspondentes ao VAD, que efectivamente esa redución hai que entendela dentro da lóxica dos contratos-programa que serán obxecto de discusión no seguinte punto da orde do día. Ás críticas sobre os investimentos proxectados en materia de infraestruturas, responde que a asignación de recursos por campus está en función das actuacións que xa están en execución ou que estea programado iniciar no correspondente exercicio económico. Por exemplo, no Campus de Ourense estaban en execución en 2011 obras importantes como as instalacións deportivas, o parque medioambiental, a escola infantil, ou a ampliación do edificio xurídico-empresarial. É claro entón, que os recursos consignados para 2012, teñen que verse moi sensiblemente reducidos en relación aos de 2011, porque unha boa parte das actuacións citadas están xa finalizadas. É por iso que analizar a variación interanual por campus non ten demasiado sentido.

Infórmalle ademais, que o equipo de goberno está traballando para captar recursos para o Campus da Auga, e para outras iniciativas que teñen que ver co Campus de Ourense.

Respecto da convocatoria das bolsas informáticas, comprobará os datos por se hai algún erro, pero lémbrralle que no centro que o Prof. Barreiro dirixe, se acaba de contratar unha asistencia técnica para o mantemento das infraestruturas informáticas.

Ao Sr. Xan Cebro respóndelle que está negociando o reparto das achegas do SUG a cada unha das universidades. Que a UVigo fixo un traballo político que foi moito máis alá da participación nas comisións nas que se redactou o plan e que se reflectiu no volume total de achegas do goberno galego ao SUG no período 2011-2012. Que sempre se defendeu e se segue defendendo a necesidade de maior financiamento, ata acadar como mínimo o 1% do PIB. Que comparte a idea de que investir en educación e en investigación non é un gasto senón investimento produtivo, ese é o criterio deste equipo de goberno. Pero non se debe pedir por pedir sen xustificar o rendemento social do gasto. Respecto das reflexións específicas a respecto do PAS, dille que acepta que na proposta inicial de RPT formulada pola Xerencia pode haber aspectos mellorables.

Ao Señor Federico Fernández agradécelle a achega de ideas para acometer a redución do gasto. Di que algunhas das medidas sinaladas están executadas e outras en proceso de execución, cita a título de exemplo: a racionalización e control de gasto de limpeza, seguridade, concurso para subministración eléctrica, compra de material de oficina e material funxible. Respecto das reivindicacións do PAS laboral respóndelle na mesma liña que ao Sr. Xan Cebro, que se trata de negociar un convenio colectivo con lealdade e co maior consenso posible. Xa avanzou no Claustro que na nova RPT se deben reordenar os recursos humanos en función das necesidades.

Intervén o Sr. Federico Fernández para preguntar: se hai algún cambio na xestión do plano de pensións logo da fusión da caixas galegas; como afectaría ás achegas das caixas galegas á Universidade tras o proceso de fusión e a súa transformación en banco; e cal foi o importe dos descontos nas nóminas como consecuencia das folgas.

O vicerreitor respóndelle que non ten constancia de que se teña producido ningún cambio na xestión do plano de pensións; manifesta que as aportacións das antigas caixas é incerta, que hai o compromiso de Novacaixagalicia de renovar o convenio, pero que non se saben as condicións nin contías, só a vontade do propio banco. Di que a recadación polos descontos das folgas foi escasa, as cifras globais sitúanse ao redor dos 200.000 euros.

Toma a palabra o reitor para agradecer o ton e o contido das intervencións, apela á xenerosidade e sentido da responsabilidade para transmitir á comunidade universitaria que no contexto financeiro nacional e mundial a universidade non é unha institución illada. Que é un deber colaborar co fortalecemento da institución universitaria sen perder a capacidade reivindicativa que ten cada un para mellorar.

O reitor defende o plan de financiamento, sinalando que se asinou un acordo satisfactorio, o que implica nunha conxelación do orzamento anual e con algunha subida en determinada partida.

O reitor continúa dicindo que é preceptivo informar ao Claustro sobre as liñas xerais de política orzamentaria, pero non o dota de carácter vinculante respecto da aprobación dos orzamentos, que a competencia da aprobación definitiva correspóndelle por lei ao Consello Social, e que ata o momento non se impediu que o Claustro expresara a súa opinión e que as discrepancias reflíctanse en acta.

Procédese á votación.

Votos a favor: 29
Votos en contra: 3
Abstencións: 0

Apróbase o orzamento para o ano 2012 recollido no **Anexo I**.

Punto 4. Informe sobre a primeira memoria de responsabilidade social corporativa da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra a D. Xavier Martínez Cobas, comisionado de Plans Estratéxicos, para presentar a primeira Memoria de Responsabilidade Social, que recolle as liñas básicas de creación de valor para a sociedade dende a institución.

O comisionado de Plans Estratéxicos di que a Universidade de Vigo entende a responsabilidade social como obxectivo e a consecuencia das accións e impacto que xenera a universidade no conxunto da sociedade, a contribución ou desenvolvemento sostible atendendo ás dimensións económica, social e medio ambiental e apostando por un modelo participativo. Sinala que se debe articular dito compromiso a través de tres eixos fundamentais: a formación, a investigación e as relacións coa sociedade. Que esta clasificación da responsabilidade social está en liña coa estratexia de modernización das universidades, denominada Estratexia 2015.

Continúa expondo as distintas accións específicas para creación de valor na formación do alumnado, na investigación e nos servizos de apoio á formación, á investigación e á creación de valor a través das relacións coa sociedade. Sinala que, na creación de valor dende a formación e a docencia para os estudantes, o máis salientable é a existencia de titulacións únicas en Galicia, as políticas de bolsas, de prácticas laborais, de mobilidade internacional, as actividades de extensión universitaria e outras. O comisionado de Plans Estratéxicos explica que, en relación con ese proceso, tamén se trata a formación do profesorado e do persoal de administración e servizos.

Na creación de valor dende a investigación e a transferencia, o máis destacado son os datos de posicionamento internacional nos rankings universitarios da produción científica, e os datos de transferencia, con 1427 contratos, informes e cursos por valor de máis de 7 millóns de euros no ano 2010. Na creación de valor a través da relación coa sociedade, detalla que na memoria se describen as principais políticas e actividades en relación a iniciativas de interese social, en particular coas políticas de igualdade, sostibilidade ambiental e voluntariado.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para agradecer o traballo realizado e efectuar algún comentario en relación á redacción do apartado relativo á creación de valor a través da investigación.

Intervén o comisionado de Plans Estratéxicos para responder que asume o compromiso de mellorar a redacción dese apartado.

Apróbase por asentimento a primeira Memoria de Responsabilidade Social contida no **Anexo II**.

Punto 5. Aprobación, se procede, do Plan de prevención de riscos laborais da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra a Dna. María José Montero Vilariño, técnica superior de prevención de riscos. Comeza dicindo que o Plan de prevención é unha obriga imposta polo art.16 da LPRL. Mediante o emprego de soporte telemático explica aos membros do Consello de Goberno a estrutura organizativa e os procedementos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos. Di que o obxectivo é reducir o número de accidentes, dispoñer de plans de emerxencia en todos os centros de traballo e aumentar o número de persoal sometido a recoñecementos médicos voluntarios, que son os obxectivos orientados a mellorar as condicións laborais da institución en materia de seguridade e saúde. Por último, informa que na elaboración do Plan de prevención se tivo en conta a norma OHSAS 18001.

Apróbase por asentimento o Plan de Prevención de riscos laborais contido no **Anexo III**.

Punto 6. Aprobación, se procede, da Normativa pola que se regulan os contratos-programa coas escolas e facultades da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen comeza a súa exposición dicindo que coa aprobación da normativa que regula os contratos-programa coas

escolas e facultades se dá o primeiro paso cara a aplicación dun modelo de financiamento que será efectivo nos centros da Universidade de Vigo a partir do ano 2013.

Resalta que a finalidade da normativa é dar cumprimento a un dos mandatos do Plan estratéxico da universidade, á vez que implica aos centros na consecución dun conxunto de obxectivos favorables para a institución, tanto no seu pósitostronamento estratéxico, coma no seu financiamento.

O vicerreitor de Economía e Planificación expón que os contratos-programa repercuten no posicionamento estratéxico, porque recollen algúns indicadores utilizados para a medición do nivel e calidade das universidades e que dan lugar á composición dos diferentes rankings de institucións académicas. Repercuten no seu financiamento porque os obxectivos, os indicadores empregados e a súa ponderación están en relación directa co novo Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, que establecen os contratos-programa como un instrumento para alcanzar o financiamento por resultados.

O vicerreitor sinala que, en consecuencia, as melloras que realice o centro repercutirán directamente nas condicións de financiamento da Universidade de Vigo. Asegura que o contrato-programa busca aliñar a toda comunidade universitaria na dirección de avanzar cara obxectivos. Engade, que no documento se consideran os seis grupos de obxectivos a desenvolver nos contratos-programa e as diferentes porcentaxes (docencia, investigación, transferencia, adaptación a outras demandas sociais, proxección internacional e xestión); que coinciden na súa estrutura básica cos definidos como áreas de acción no Plan de Financiamento do SUG. Engade que, na determinación dos indicadores, en canto medida de realización dos obxectivos se buscou que fosen obxectivables e que sexa posible que se midan polo centro. Recoñece que algún dos indicadores son difíciles de determinar anualmente ou en todas as titulacións.

Cita como fontes documentales: o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015; un documento presentado pola CRUE e que será a guía da futura creación dun ranking oficial de universidades no Estado; e o VAD de centro elaborado pola Área de calidade.

O vicerreitor sinala que están dispostos a abrir outros indicadores a condición de que sexan obxectivables. Di que o financiamento estrutural que é o determinante non entra no contrato-programa, pero o resto de achegas si. O vicerreitor asegurou que máis que unha revolución no financiamento dos centros, o que se busca é unha ferramenta para a motivación e para aliñar á comunidade universitaria na consecución de obxectivos.

Por último, o vicerreitor de Economía e Planificación di que compromete no 2013 un incremento dun 10% do orzamento destinado aos centros.

Intervén o Prof. Armando Caballero para expoñer que non lle queda claro as ferramentas que van ter os centros para cumprir cos contratos-programa.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro dicindo que a iniciativa é boa, e sinala que hai dous indicadores que non dependen da xestión do centro.

Intervén o Prof. Pedro Arias para dicir que o modelo de contrato-programa é unha consecuencia do actual escenario orzamentario. Engade, que o centro que representa fixo unha consulta para saber como se cuantificarían eses valores nos centros. Pide ademais que se especifique o apartado 3.1, relativo a que para a asignación do profesorado aos centros terase en conta como criterio básico a docencia.

Intervén o Prof. Juan Pou para sinalar a conveniencia de que a información por centro sexa o máis desagregada posible.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para dicir que a normativa ten interese cara o futuro; que o que se presenta é unha primeira versión manifestamente mellorable; que se consultou en máis dunha ocasión con todos os decanos; que a intención é poñela en marcha cun compromiso de mellora; e que as ferramentas que solicita o Prof. Armando Caballero se concretan nas competencias de decisión e xestión que teñen os decanos e directores en función dos intereses do centro e dos seus obxectivos.

Ao Prof. Juan Pou respóndelle que a información máis pormenorizada terá lugar cando se asine o contrato-programa.

Sometese a votación.

Votos a favor: 20
Votos en contra: 0
Abstencións: 3

Apróbase a normativa recollida no **Anexo IV**.

Punto 7. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen sinala que na COAP na sesión do 19 de decembro se deu informe favorable á creación das seguintes prazas:

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Xenética pola promoción do profesor Antonio Carvajal Rodríguez.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Zooloxía pola promoción do profesor Manuel Aira Vieira.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Química Orgánica pola promoción do profesor Pedro Vesada Pereira.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Enxeñaría Química pola promoción do profesor José Manuel Cruz Freire.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Enxeñaría Química pola promoción da profesora Ángeles Cancela Carral.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Economía Aplicada pola promoción do profesor Miguel Enrique Rodríguez Méndez.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Química Orgánica pola promoción do profesor Luís Muñoz López.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos criterios para a elaboración da programación docente anual (PDA) do curso 2012/2013.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, para presentar os criterios de elaboración da PDA para o curso 2012/13.

Resume os aspectos esenciais do documento e comenta os cambios introducidos na COAP. Indica que no novo marco normativo se utiliza un procedemento de cómputo global baseado nun criterio de tamaño medio de grupo (TMG) que permite outorgar a cada centro un número global de horas de profesorado para distribuír en grupos docentes (A, B, C), de forma que é o centro quen planifica a distribución de grupos de cada materia atendendo ás súas peculiaridades.

A vicerreitora explica como se calcula ese total de horas de carga docente derivadas do tamaño medio de grupo. Di que a carga lectiva global de cada grado se deberá calcular en función da estimación de horas matriculadas no curso 2012/2013.

O cómputo de horas matriculadas resulta do número estimado de créditos de ECTS matriculados (que depende do número de estudantes matriculados en cada materia) multiplicado polo número máximo de horas presenciais (8,75) por crédito ECTS. Para estimar o número de estudantes contabilizase todo o alumnado de nova matrícula, máis todo o alumnado “repetidor” ata un 10% dos estudantes de nova matrícula nesa materia.

Ademais, a vicerreitora sinala que para a determinación do tamaño medio de grupo para os efectos de elaboración da PDA de cada grado, partírase do dato do TMG aprobado na elaboración do PDA do curso 2011/2012: para as titulacións cun TMG superior a 35

aplicarase o valor 35; para as titulacións cun valor inferior aplicarase o valor do TMG do curso 2011/2012 incrementado en 2 puntos.

Por outra banda, segundo foi xa utilizado nos contratos programa piloto para a elaboración da PDA (Facultades de Belas Artes, Química e Traducción e Interpretación) é posible utilizar parte do total de horas (máximo un 5%) para asignar ao profesorado do centro por diferentes actividades realizadas.

A vicerreitora enumera as modificacións introducidas na última sesión da COAP:

1. A PDA ten que ser aprobada pola Xunta de Centro: a COAP propón engadir “a Xunta de Titulación, de ser o caso”.
2. Que se conceda unha bolsa adicional de horas nos casos nos que hai materias optativas e o número de alumnos é inferior ao TMG.
3. Que na forma de contabilizar os estudantes repetidores se aumente a proposta inicial do 10%. O equipo de goberno propón utilizar o 12%.

Ábrese un turno de intervencións

Interven a Prof^a Edita de Lorenzo para agradecer as aportacións da COAP e realizar matizacións sobre as materias optativas, xa que na Escola de Telecomunicacións refundíronse as tres titulacións anteriores nun grado e pide que ese tipo de situacións sexa tido en conta.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro na liña das observacións realizadas por la Prof^a Edita de Lorenzo.

Intervén o Prof. Pedro Arias para dicir que está de acordo co documento pero que non se pode negar que as enxeñarías teñen taxas de éxito inferiores a outras titulacións.

Sométese o documento a votación

Votos a favor: 18
Votos en contra: 0
Abstencións: 3

O Prof. Juan Pou intervén para dicir que deixará constancia en acta dunha aclaración do sentido do seu voto (**Anexo V**).

Apróbase a normativa da PDA recollida no **Anexo VI**.

Punto 9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Industrial.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen fai un repaso dos trámites seguidos para a creación da Escola de Enxeñaría Industrial. Sinala, que a creación da Escola de

Enxeñaría Industrial foi aprobada na sesión do C.G. de 13 de outubro de 2010 e se publicou no DOG o 14 de febreiro de 2011.

Di que a Xunta de Titulacións elaborou unha proposta do seu Regulamento de réxime interno que, de acordo co artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo, foi aprobada na Xunta de Centro celebrada o día 20 de decembro de 2011.

Di que na súa elaboración se solicitaron os informes á Asesoría Xurídica e que agora corresponde, de acordo co art. 39 dos Estatutos da Universidade, que sexa sometida á aprobación do Consello de Goberno. Con carácter previo a súa aprobación a secretaria xeral solicita ao reitor que ceda a palabra ao Prof. Juan Pou, director da Escola, para que expoña aos asistentes os aspectos máis sobresalientes do novo Regulamento de réxime interno. Efectuada a exposición polo Prof. Juan Pou sométese a aprobación.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo recollido no **Anexo VII**.

Punto 10. Informe de actividades do Campus do Mar.

O reitor cede a palabra a D. Emilio Fernández, comisionado do Campus do Mar, para presentar con soporte power point o informe das actividades desenvolvidas durante este ano e as previstas para o 2012 polo Campus do Mar (**Anexo VIII**).

Intervén o Prof. Armando Caballero para pedir información por escrito. O Prof. Emilio Fernández dille que corresponde ao Consello Reitor aprobar o documento co plan de actividades, que foi aprobado o pasado luns, pero que non finalizou a tradución ao galego e que se porá a disposición da secretaria xeral para incorporalo á acta.

O reitor toma a palabra para explicar aos asistentes a composición do Consello Reitor do Campus do Mar.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e o Instituto Galego de Estatística, para a colaboración no “Máster Interuniversitario en Técnicas Estatísticas” – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e Acuinova Actividades Piscícolas S.A. para a realización de prácticas de alumnos do programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para o Programa de Estabilización 2011 – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a empresa Aqua Ambiente Servicios Integrales S.A., para a colaboración no “Máster en Exeñaría Matemática” – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Politécnica de Juventino Rosas – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Politécnica de Guanajuato – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro de Estudios Superiores del Bajío Campus Querétaro – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Latina de México – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Latina de México para o intercambio de estudantes – Convenio marco de

colaboración entre a Universidade de Vigo e Hochschule Aalen – Acuerdo de cooperación entre a Universidad San Francisco de Quito (Colegio de Ciencias Biológicas y Ambientales) e a Universidade de Vigo (Oficina de Relacións Internacionais) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Federal de Uberlândia.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Rogos e preguntas.

Interven o Prof. Pedro Arias para rogar que se estudie a proposta da CIG relativa á posible eliminación de incompatibilidades das persoas que figuran nas listas de agarda.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións responde que o tema será analizado nas normas de contratación para o curso 2012/13.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para dicir que se convocaron bolsas, pero que se eliminaron da convocatoria as que eran específicas da Escola de Informática, que as funcións de mantemento das aulas de informática son as mesmas, pero que se recortou en horas.


Intervén o xerente para dicir que se fixo un recorte nas convocatorias das bolsas de informática, tanto no número de prazos como nas horas; que o período de goce comprende desde o mes de xaneiro a setembro; que, en comparación con outros centros, os alumnos do Campus de Ourense beneficiados coas bolsas de informática cobraban máis que os de calquera outro centro, ata que os de Enxeñaría Industrial ou Telecomunicacións; engade que a relación de PAS/PDI e alumnos que atendían estas tarefas estaba especialmente desequilibrada en favor da Escola de Informática, que se trataba dunha situación extraordinariamente beneficiosa. Termina a súa intervención dicindo que as especialidades que precisa a Escola de Informática do Campus de Ourense están atendidas correctamente e non deben ser atendidas por bolseiros.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:25 horas do día 21 de decembro de 2011 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

M^a Inmaculada Valeije Álvarez